

Roteiro 5 A Sociedade, Memória e Tradição



Porto do Son. Anónimo, ca. 1925



A forma de ser e de vivir da sociedade galega cos usos, costumes, prácticas e crenzas que a caracterizan, son aspectos que forman parte do noso pasado pero que en certa medida definen a nosa cultura presente, coa súa diversidade e riqueza.

ESPAZO E SOCIEDADE

A estrutura social galega está formada pola casa, a aldea e a parroquia. A casa está integrada por individuos que residen na mesma vivenda, unidos por lazos de parentesco e que forman a familia propiamente dita.

Na maior parte do país os membros da casa forman unha familia extensa troncal: os proxenitores, un fillo ou filla casado e o seu cónxuxe e fillos, e os demais fillos e fillas solteiros. A casa é ademais unha unidade de produción orientada ao autoconsumo que se sustenta principalmente no traballo dos seus membros.

Un grupo de casas asentadas nun lugar con nome propio forman unha aldea. E un conxunto de aldeas forman unha parroquia. Unha e outra constitúen en si mesmas unha unidade xeográfica con límites claros e coñecidos.

Pero principalmente a aldea e a parroquia son unidades sociais, porque os seus habitantes séntense membros dun grupo. Os veciños identifícanse coa súa aldea, pero sobre todo coa súa parroquia, na que desenvolven gran parte da súa vida. Esa unidade social, ese sentimento de pertenza afirmase a través dos traballos en común, dos ritos funerarios e das festas.

A PROPIEDAD

Basicamente existen dous réximes de propiedade: a privada e a comunal.

As terras de labor son sempre de propiedade privada e a maior parte das explotacións están en mans de pequenos propietarios.

Non todas as persoas son propietarias da terra que traballan. É o caso dos foreiros, arrendatarios e parceiros que cultivan unha terra allea pola que pagan unha cantidade ao dono da mesma.

Os bens de propiedade comunal pertencen a toda a veciñanza e todos os seus integrantes están obrigados a participar no seu mantemento, coidado e arranxo. De propiedade comunal son os montes, os fornos, os muíños, as eiras, os hórreos, as augas de rega, etc.

A propiedade pasa de xeración en xeración por herdanza. Repartir a herdanza chámase facer as partillas, que poden ser a partes iguais entre todos os fillos e fillas. Pero o costume habitual é que un dos fillos leve máis propiedade cós demais. Dise entón que queda mellorado, recibindo o nome de vinculeiro.

Outras formas de intercambio da propiedade son o regalo, o troco e a venda. Os maiores intercambios económicos tiñan lugar nas feiras e mercados que foron de grande importancia e desempeñaron á vez funcións económicas e sociais. A gama de produtos á venda é moi variada, destacando entre todos eles o gando, pero tamén os froitos e comestibles, as manufacturas domésticas e os produtos artesáns.



O DEVALAR DAS HORAS

A distribución do tempo ao longo do día non é igual para todos os membros da familia, pois os distintos labores repártense segundo a idade e o xénero. A época do ano determina tamén a xornada. A maior parte das faenas agrícolas e mariñeiras concéntranse no verán, estación na que se dedican máis horas ao traballo. Nas vilas e cidades, nas que moitos dos membros da familia teñen un emprego asalariado, o ritmo do traballo non está tan influído polos cambios de estación.

Un día de traballo normal empeza coa saída do sol. Primeiro tómase o almorzo, unha cunca de sopas de leite con pan ou de caldo do día anterior.

A diario os homes teñen que cortar a leña, indispensable en todos os fogares. Despois, van ao campo a realizar os labores que correspondan a cada época do ano. Pola súa parte as mulleres, sobre todo as nenas e as mozas, van buscar a auga necesaria para lavarse, cociñar e beber. A preparación da comida, así como o resto dos labores domésticos, son tamén traballo feminino.

Ás doce é a hora do xantar. Nos momentos de maior traballo, lévase o xantar ao campo para seguir despois coa faena.

Despois do xantar, incorpóranse de novo ao traballo e paran a media tarde para tomar unha merenda consistente a miúdo nun pouco de pan con carne. Á noitiña vólvese para a casa e aínda queda, sobre todo para a muller, moito por facer: acomodar os animais, muxir de novo as vacas e preparar a cea, na que se adoita aproveitar as sobras do xantar.

O TEMPO, UN CONCEPTO CÍCLICO

As sociedades tradicionais conciben o tempo de forma cíclica, baseándose no comportamento da natureza: cada ano hai as mesmas estacións, os mesmos movementos do sol e o mesmo ciclo vexetativo. Para organizar os diferentes ritmos temporais hai que poñer marcas ao tempo. Esas marcas son as festas.

Hai festas relixiosas, fixadas pola liturxia da Igrexa, e festas laicas, que xorden ao redor dos traballos comunais como a malla ou a esfolla. Hai tamén festas cíclicas, que se celebran en todas as partes do mesmo xeito, aínda que con particularidades locais. Entre elas hai festas fixas (Nadal, Reis, San Xoán, Defuntos), que cadran sempre no mesmo día, e festas variables (Entroido, Semana Santa, Corpus), que dependen da Pascua que se fixa segundo o ano lunar. Por outra parte están as festas patronais que se celebran na honra do santo titular da parroquia e as romarías, que consisten en facer unha peregrinación a un santuario.

O inverno comeza co Nadal, data na que é costume que os mozos e mozas vaian polas casas da aldea cantado panxoliñas, aninovos e reis e pedindo o aguinaldo.

Tras as festas de Nadal comeza o Entroido, definido pola alteración da orde establecida. Nestas datas caducan todos os preceptos, usanzas, costumes e leis do resto do ano e faise burla de todo: das profesións máis respectables, dos cargos públicos, dos días santos, da xustiza e mesmo das cerimonias da Igrexa.

O Mércores de Cinza finaliza o Entroido e comeza a Coresma, un período de penitencia que serve como preparación para a Semana Santa. Esta é unha celebración de carácter relixioso na que se conmemora a paixón, morte e resurrección de Cristo.

A continuación vén a festa dos Maios, que se celebra nos primeiros días do mes que lle dá nome. É a festa da exaltación do reverdecer das plantas, do comezo do ano agrícola.

O Corpus Christi é a exaltación da Eucaristía, que se conmemora coa procesión do Santísimo baixo palio. É unha celebración cívico-relixiosa na que participan todos os estamentos sociais: o concello, o clero, os gremios e as confrarías.

Co solsticio de verán celébrase a festividade de San Xoán. A noite que o precede convértese nunha noite máxica na que se cre que o mal actúa con máis forza. Como defensa fronte ao seu ataque empréganse armas simbólicas como o lume, a auga e as plantas aromáticas.



Nos meses de verán concéntranse a maioría das celebracións, tanto de carácter relixioso como laico. Aínda que destacan as romarías polo volume de xente que congregan e a consideración social que teñen, son as festas patronais ou parroquiais as máis numerosas.

As romarías son celebracións de honra a un santo, santa ou virxe, ás que se acode en peregrinación para cumprir unha promesa, realizar unha petición ou simplemente participar nunha tradición relixiosa fondamente arraigada. Pero unha romaría é tamén unha festa que se celebra con comidas, bailes e xolda nas inmediacións da igrexa ou ermida.

A principal festa do Outono é a de Defuntos. O día 2 de novembro todas as persoas que teñen familiares enterrados no cemiterio limpan as sepulturas, adórnalas con flores e acenden velas e lámpadas de aceite.

O recordo dos defuntos vai acompañado por unha celebración festiva, o Magosto. É neste mes cando as castañas están no seu punto e, á súa vez, o viño novo vendimado en setembro xa serve para beber. O Magosto celébrase no souto, nunha casa ou nunha eira da propia aldea.



A CORRENTE DA VIDA

O ser humano, desde que nace ata que morre, vai pasando por diferentes etapas ou idades. O tránsito dunha idade a outra é un momento de grande importancia social dentro da vida das persoas. Cada unha destas idades ten as súas obrigas, pero tamén os seus dereitos. Os límites entre unhas idades e outras están máis definidos por circunstancias sociais e culturais do que polos anos.

O primeiro grupo de idade do que forma parte a persoa ao nacer é a infancia. Os nenos e nenas, desde moi pequenos, encárganse de labores que non supoñan un excesivo esforzo ou responsabilidade como coidar o gando, chamar as vacas, colaborar nas tarefas domésticas, etc. Eran poucos os que asistían á escola asiduamente pois cando o traballo abundaba tiñan que axudar nas súas casas. Nos momentos de lecer enredan con xogos que, ademais da función lúdica, cumpren unha función socializadora, pois permiten aprender algunhas das normas da súa cultura.



Cando o neno ou a nena é capaz de levar a cabo os traballos dos adultos, entra a formar parte da mocidade, que durará o que dure a soltaría. Os mozos traballan xa como os homes, e deben, por honra propia, lucir maior esforzo nos traballos máis duros. En troques gozan de liberdades pola súa condición de solteiros. As mozas participaban nos traballos colectivos femininos, como as espadelas e as fías do liño, que remataban sempre en festa, á que acudían os mozos, con bailes, xogos, cantigas, bromas e sobre todo moceo.

O matrimonio sinala o inicio da idade adulta. Os homes e mulleres que alcanzan a madurez adquiren ao mesmo tempo a plenitude dos seus dereitos e a condición de veciños, e polo tanto maior autoridade e responsabilidade. No reparto das tarefas en función do xénero, correspóndenlles ás mulleres os labores domésticos e aos homes os traballos que requiren máis forza. Pero estas divisións están máis determinadas por costumes sociais do que polas diferenzas biolóxicas, pois as mulleres teñen que realizar en moitas ocasións traballos que requiren unha gran forza física. Estas diferenzas de xénero son tamén patentes nos momentos de lecer: mentres que os homes se xuntan na taberna para conversar e xogar ás cartas ou ao dominó, o das mulleres vai sempre ligado aos traballos exclusivamente femininos, que realizan en compañía, como lavar a roupa, palillar na rúa ou fiar o liño.

A última idade das persoas é a vellez, que non ten un inicio definido, aínda que se pode considerar que un adulto pasa a ser vello cando ten netos. No seo do grupo doméstico os anciáns son a autoridade. O avó é o patrucio, quen dirixe e representa a casa, mentres que a avoa é quen goberna os asuntos domésticos. Os avós xogan un importante papel no eido emocional e educativo. Son un referente claro na transmisión de normas, comportamentos e tradicións.

A morte é o derradeiro trazo na vida. O velorio celébrase na casa, nun lugar espazoso, no que se dispón o cadaleito. Os familiares e veciños velan o cadáver ata a hora do enterro. O loito é a manifestación pública da dor tras a morte dalgún parente. Non se pode asistir a ningún tipo de festa e as mulleres están obrigadas a levar roupa negra.

CRENZAS E SABERES

As crenzas relixiosas da sociedade tradicional son as mesmas que as da relixión católica. Deus é o creador do mundo e todo canto acontece débese á súa vontade. Entre Deus e os cristiáns están Cristo, a Virxe e os Santos. Fronte a Deus e os cristiáns están o Demo e as súas servas, as bruxas, que provocan toda clase de males. Para defenderse do mal empréganse obxectos santificados e armas simbólicas como os cornos, plantas con espiñas e armas humanas como o puño representado na figa. Para solicitar a intercesión de Cristo, da Virxe e dos santos, ou para agradecerlles a axuda recibida, vaise de romaría aos santuarios. A forma máis habitual de pedir ou agradecer o favor é ofrecer un regalo ao santo, ben en cartos ou ben en produtos do campo e animais domésticos que despois se venden nunha poxa. Os exvotos son a lembranza do beneficio recibido. Hainos que representan a persoa ou a parte do corpo doente para a que se pide cura ou que foi sandada. Os mariñeiros ofrecen exvotos en forma de barco cando foron salvados dun naufraxio. A algúns santuarios levábanse cadros pintados contando o milagre da curación.



A SAÚDE

Para a medicina tradicional a enfermidade é provocada por un espírito maligno que entra no corpo. A maneira de entrar no corpo dálle nome a distintas enfermidades: mal de bocado se entra pola comida, mal de aire se é polo alento, ou mal de ollo pola mirada.

A curación consiste, polo tanto, en expulsar o mal empregando obxectos sagrados, elementos purificadores como a auga e o lume e armas simbólicas que “cortan” o mal, como navallas, coitelos, fouces ou tesoiras.

A expulsión realízase na igrexa ou en lugares maléficos asociados co demo e as bruxas, como os montes, o mar, os lugares desertos e o cemiterio.

Para a medicina humoral, a enfermidade prodúcese cando hai un desequilibrio nos catro humores do corpo humano: a bile negra (atrabile, melancolía), a flegma (pituíta), o sangue e a bile (bile amarela, cólera). A curación consiste en restablecer o equilibrio humoral a través, principalmente, do uso das plantas medicinais.

OS SERES MÍTICOS

O máis significativo do universo simbólico galego relaciónase co mundo dos mortos: a Santa Compañía e as ánimas en pena preséntanse perante os vivos para comunicarlles avisos ou facerlles encargos.

Outros seres imaxinarios son os mouros, os gardiáns dos tesouros encantados que se agochan nos castros e nas mámoas, lugares por eles construídos. Tamén o trasno, que trastorna a orde doméstica e engana o camiñante e os nubeiros e tronantes que son os causantes das treboadas.

Entre o mundo simbólico e o real están as bruxas ou



meigas, das que existen dous tipos: as que empregan o seu poder para facer o ben, chamadas tamén curandeiras, e as que teñen relación co Demo e a capacidade de voar, que empregan o seu poder para facer o mal. A meiga-curandeira é un ser real que trata as doenzas de orixe sobrenatural como o mal de ollo, o mal de aire, o meigallo, etc. Pola contra, a meiga - voadora é un ser imaxinario que causa as enfermidades, a morte de persoas e animais e a esterilidade dos campos e dos cultivos. As bruxas e bruxos encarnados en lobos son as peeiras e os lobishomes, persoas que naceron predestinadas, que sufriron unha maldición ou que foron embruxadas.



A INDUMENTARIA

A forma de vestir non é algo invariable ao longo do tempo nin igual en todos os lugares nin para todas as persoas. Existen en cada época traxes diferentes dependendo das modas, da súa utilidade e da posición económica, social e civil de cada persoa.

O estudo do traxe en Galicia é moi complicado pois apenas existe información para as diferentes épocas. Ademais, as pezas de roupa que chegaron ata nós son as que se gardaron con agarimo na arca por ser o mellor que o seu propietario ou propietaria tiñan. Xeralmente son pezas para as ocasións, como unha festa, ir á misa ou á feira. As pezas de máis valor podían constituír, no caso das mulleres, parte da herdanza que se transmitía de nais a fillas ou regalos de voda. Pola contra, as pezas de uso cotián usábanse e aproveitábanse ata que non daban máis. Os engadidos e arranxos para adaptalas aos cambios de talla, os remendos, o darlle volta ás teas para aproveitalas polo revés eran prácticas correntes ata non hai demasiado tempo. E cando a roupa xa non se podía arranxar máis, esnaquizábase en tiras de farrapos para tecer as farrapeiras.

En Galicia, aínda que hai pezas e características comúns, a indumentaria presenta algunhas peculiaridades segundo a zona, a funcionalidade, a climatoloxía ou a época da que se fale. Pero estas particularidades non se reflicten nun traxe determinado para cada vila ou provincia galega xa que se trata de límites administrativos que non determinan a forma de vestir. A idea dun traxe típico dunha localidade ou provincia é unha construción cultural creada pola ilustración que no século XVIII tratou de cambiar a imaxe decadente de España servíndose, para a divulgación, de series de estampas nas que se apreciaba unha gran variedade de traxes que mostraban un pobo decoroso, sobrio e pulcro. A idea da existencia dun traxe local, rexional ou nacional perdurou ata os anos 70 do século XX.

As diferentes pezas das que se compón o traxe nunca se empregaban todas á vez



senón que dependía do lugar e do momento. A calidade dos tecidos, a feitura e a maior ou menor decoración así como a cantidade de abelorios dependía moito da capacidade adquisitiva e do gusto de cadaquén.

As materias primas máis empregadas para a elaboración das pezas de roupa eran o liño e a la. O liño cultivábase en gran parte de Galicia e a la procedía dos pequenos rabaños que se estendían polo país, da que se traía de Castela a través dos comerciantes maragatos ou das cuadrillas que fan, desde Galicia, á sega a Castela. Co liño máis fino facíanse labores de encaixe de palillos, artesanía que goza de gran sona na actualidade. Coñecido como “encaixe de Camariñas”, por ser esta vila onde se concentra a súa comercialización, noutrora estaba espallado por todo o litoral galego.



A MÚSICA

Todas as culturas teñen manifestacións musicais propias, así a música está ligada a un grupo social e aos seus acontecementos, e é expresión destes últimos.

A música vai unida ao ciclo da vida, non só como fonte de pracer estético senón tamén para acompañar nas tarefas ordinarias ou expresar sentimentos de ledicia ou saudade. Desde os cantos de berce ou arrolos aos que acompañan os xogos, as festas ou os labores, ata o tanxer das campás anunciando a morte, a música marca a vida da xente.



A ampla tradición musical galega foi conformándose ao longo dos séculos, con creacións musicais propias como a muiñeira, e introducións alleas achegadas maioritariamente grazas ao Camiño de Santiago e a emigración.

Esta ampla variade mantívose grazas á transmisión oral e a proliferación de transcrisións iniciadas no Rexurdimento. O resultado é que na actualidade consérvase un vasto rexistro da nosa música patrimonial que se reproduce, se interpreta e se reelabora, chegando a fusionarse con outras correntes musicais.

A música popular créase con calquera tipo de utensilio que permita levar o ritmo ou crear unha mínima melodía. Cunchas, latas, garrafas, tarrañolas, etc., forman xunto con pandeiretas, pandeiros ou tamboriles, o amplo corpo de instrumentos de percusión que acompañan aos instrumentos melódicos ou ao canto.





O instrumento melódico máis representativo é a gaita, caracterizada polo fol, saco feito tradicionalmente de pel, onde se almacena o aire. A súa utilización documéntase desde a alta Idade Media.

Dentro dos instrumentos melódicos tamén destaca a zanfona, de orixe medieval, que adoitaba acompañar os cantos dos cegos para o que tamén usaban o violín, ambos os dous instrumentos de corda. Outros instrumentos presentes na música tradicional pero de introdución máis recente son o acordeón ou a requinta.

Coa música relaciónanse manifestacións como o canto, o baile ou a danza.

Os cantos gardan relación co contexto social, e son creados para acompañar as faenas, os traballos e as festas da vida cotiá. Constitúense como un medio para expresar amor, burla, crítica, ou como unha forma de divertimento.

Relacionados co momento ou intención coa que se cantan reciben un nome específico como por exemplo os nadaís (referentes ao Nadal), de berce (para arrolar os e as cativas), de sega (co traballo da sega) ou as regueifas (cantos ao desafío, de ton satírico, no que as persoas se desafían verbalmente).

Desde mediados do século XIX esténdense por Galicia os orfeóns e corais, agrupacións de voces que inclúen no seu repertorio tanto obras compostas a propósito como fragmentos de ópera ou melodías populares.

O baile, concibido como un divertimento, xorde de forma espontánea nas reunións sociais, ben sexan festas parroquiais, ben tarefas agrícolas colectivas, etc. Divídense en soltos e agarrados pola forma de bailar coa parella. Dentro da primeira categoría existen, entre outros, a muiñeira ou a xota; na segunda o pasodobre, o valse ou a rumba. A danza, polo contrario, planifícase, ofrécese e lévase a cabo en lugares e datas determinadas. A súa estrutura, coreografía e vestimentas son ríxidas. Divídense en danzas gremiais, relixiosas ou relacionadas con festexos do ciclo anual.